

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 9 de febreiro de 2022 asinouse un Convenio de colaboración entre Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Consello da Avogacía Galega (CAG) para prestar un servizo de asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda .

O Instituto Galego da Vivenda e Solo é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de alcanzar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, da súa creación, no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución.

O Consello da Avogacía Galega, integrado polos ilustres Colexios de Avogados da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, e Vigo ten entre as súas funcións a de colaborar cos poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio, e na máis eficiente, xusta e equitativa protección, regulación e garantía dos dereitos e liberdades da persoa.

É obrigación dos poderes públicos garantir o exercicio dos dereitos fundamentais recoñecidos na nosa Constitución, entre os que se atopan o dereito á defensa e a tutela xudicial efectiva, así como promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Área Central, s/n. Pol.de Fontiñas
15781 Santiago de Compostela
igvs.xunta.gal





Que como consecuencia do anterior, ambas institucións consideran conveniente colaborar en ofrecer aos cidadáns o asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asíñase dixitalmente esta memora.

